



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 48 60 00

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

BASES PARA A SELECCIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL 2026

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto das presentes Bases é regular a contratación laboral temporal de persoal por parte do Concello de Avión con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial de Ourense ao abeiro do seu Plan Provincial de Obras e Servizos para 2026.

SEGUNDA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DOS CONTRATOS

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de duración determinada por circunstancias da produción previsto no Artigo 15.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, coa redacción data polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

TERCEIRA.- PRAZAS

As prazas a cubrir pola presente convocatoria serán as seguintes:

- 3 Peóns de obras públicas.

CUARTA.- DURACIÓN

- 6 meses.

QUINTA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

1. Para tomar parte neste proceso de selección, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a. Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou de outros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou de outros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou de outros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- b. Ter cumpridos 18 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das tarefas do traballo ao que se opta.
- d. Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado/a para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.
- e. Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f. Non contar con ningún informe desfavorable do servizo en calquera posto de traballo desenvolvido nos últimos 5 anos.

2. Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización do contrato.

SIXTA.- SOLICITUDES

1. As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección para as contratacións reguladas nas presentes Bases deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Avión. A





CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 48 60 00

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

instancia conterà, cando menos, os datos persoais e de contacto de quen o solicite e fará constar expresamente que reúne todas e cada unha das condicións esixidas na Base 5ª. da presente convocatoria, achegando coa mesma a seguinte documentación:

- a) D.N.I.
- b) Vida laboral actualizada.
- c) Declaración responsable de cumprir os requisitos sinalados na Base 5ª da presente convocatoria.
- d) Documentación que acredite os méritos a valorar, a que se refire a Base 10ª.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no “Boletín Oficial da Provincia de Ourense”, e poderá facerse no Rexistro de Entrada deste Concello tanto presencial como electrónico, ou ben en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. En calquera dos supostos distintos á presentación da solicitude nos Rexistros do Concello de Avión o/a aspirante deberá comunicalo, achegando copia da solicitude ao enderezo electrónico: concello@concelloavion.org.

3. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E PUNTUACIÓN DA FASE DE MÉRITOS

1. No día hábil seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e no seu Portal de Transparencia a lista de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión das causas, así como a puntuación obtida por cada un deles na fase de acreditación de méritos a que se refire a Base seguinte, dándolles o prazo de 1 día para a subsanación dos defectos que puideran existir e/ou para a presentación de reclamacións. Este prazo poderá ampliarse por circunstancias especiais, debidamente xustificadas, a considerar pola Alcaldía, elevándose automaticamente a definitiva a lista de admitidos se non se presentase ningunha.

2. A presentación de reclamación non suspenderá o proceso de selección, agás que así o aprobe a Alcaldía.

OITAVA.- PROCESO DE SELECCIÓN

1. A selección realizarase mediante unha fase de acreditación de méritos e unha fase de acreditación de coñecementos prácticos, consistindo esta en unha ou varias probas que terán carácter eliminatorio.

2. Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, quedando excluídos do proceso os que non comparezan a súa realización, agás os casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal.

3. Aos efectos de identificación, os/as aspirantes acudirán ás probas provistos do DNI/NIE ou, no seu defecto, do pasaporte ou documento público que acredite a súa identidade.

4. As probas celebraranse sen outra asistencia que os membros do Tribunal, os asesores e/ou os colaboradores designados por parte deste, e os aspirantes.

5. Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na Base 5ª da convocatoria, previa audiencia do interesado/a, procederá a súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas aos efectos procedentes.

6. Concluído o exercicio a que se refire a Base 10,2ª. das presentes o Tribunal fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e no seu Portal de Transparencia a relación de aspirantes con indicación da puntuación obtida.

NOVENA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

1. O Tribunal cualificador terá a seguinte composición:

– Membros titulares:

- Presidente: D. Alejandro de Diego Gómez, Secretario do Concello de Avión.
- Secretaria: Dª. Ana Mª. Cañizo Cerdeira, Administrativa do Concello de Avión.
- Vocais: D. Gil Gabián Barreiro, Xefe das Brigadas Municipais do Concello de Avión; e D. Roberto Rodríguez Alejos, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Avión.





CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 48 60 00

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

– Membros suplentes:

- Presidenta: D^a. M^a. Isabel Gabián Lorenzo, Auxiliar Administrativa do Concello de Avión.
- Secretaria: D^a. Erika Adela Durán Álvarez, Auxiliar Administrativa do Concello de Avión.
- Vocais: D. Martín Silva Domínguez, e D. Daniel Gabián Rodríguez, Condutores-tractoristas do Concello de Avión.

2. Todos os membros do Tribunal terán voz e voto agás a Secretaria, que só terá voz.
3. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a súa abstención, de conformidade co establecido na mesma Lei, no prazo de 3 días naturais dende a publicación destas Bases.
4. Para a válida actuación do Tribunal se requirirá a presenza de tres dos seus membros, tanto titulares como suplentes, e sempre coa presenza do Presidente e a Secretaria.
5. O Tribunal poderá acordar a incorporación de asesores especialistas ou que teñan a experiencia necesaria para as probas correspondentes que estimen pertinentes.
6. Unha vez realizado o procedemento de selección, o Tribunal fará proposta razoada de cobertura dos postos de traballo, elevándoa ao Sr. Alcalde, que requirirá aos seleccionados para que presenten a documentación acreditativa das condicións a que se refire a Base 5^a. da presente convocatoria e que non se houbese presentado xunto coas solicitudes de participación, aos efectos de asinar os correspondentes contratos.
7. O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se lle presenten e adoptar os acordos precisos para o bo fin do proceso.

DÉCIMA.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

1. Acreditación de méritos:

Na fase de acreditación de méritos se valorará:

a) Experiencia profesional:

- a.1. Por cada mes completo traballado en postos similares ao da praza a que se opta: 0,10 puntos por mes completo ata un máximo de 3 puntos. Para esta valoración so se terá en conta a vida laboral xunto coa copia dos contratos de traballo oficiais.
- a.2. Por estar inscrito/a nos Servizos Públicos de Emprego como demandante non ocupado: 0,20 puntos por mes de antigüidade ata un máximo de 1 punto.
- a.3. Por ter permiso de conducir da Clase B ou superior: 1 punto.
- a.4. Por ser muller: 2 puntos, distribuídos da seguinte forma:
 - 1 punto polo feito de ser muller.
 - 1 punto se acredita a condición de vítima de violencia de xénero
- a.5.- Por ser menor de 30 anos: 1 punto.
- a.6.- Por ser persoa con discapacidade: 1 punto.
- a.7.- Por ser maior de 45 anos: 1 punto.
- a.8.- Por ser integrante de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiario/as da renda de integración social de Galicia: 1 punto.

b) Coñecemento do medio:

- b.1. Por ter, como mínimo, 1 ano de empadramento no Concello de Avión: 1 punto.

2. Proba/s práctica/s:

Realizarase unha ou varias probas prácticas, a xuízo do Tribunal cualificador, para a acreditación dos coñecementos prácticos dos/as aspirantes. A realización desta/s proba/s farase de xeito individual, con chamamento único para cada aspirante. Esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio, calificándose de 0 a 10 puntos, debendo obter como mínimo un 5 para aprobar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROPOSTA DE APROBADOS/AS

1. Concluída a calificación, obtida pola suma das puntuacións acadadas en cada un dos apartados da Base anterior, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e no seu Portal de Transparencia a relación de todos/as os/as aspirantes coa puntuación final, dándolles o prazo de 1 día para a subsanación dos defectos que puideran existir e/ou para a presentación de reclamacións. Este prazo poderá ampliarse





CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 48 60 00

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

por circunstancias especiais, debidamente xustificadas, a considerar pola Alcaldía, elevándose automaticamente a definitiva a lista de aprobados se non se presentase ningunha.

2. De producirse empate na puntuación final, para dirimilo terase en conta, en primeiro lugar, a maior antigüidade como demandante de emprego, de persistir o empate resolverase pola existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de 26 anos ou a maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. Se finalmente persistise o empate, resolverase por sorteo.

DÉCIMO SEGUNDA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

1. Todos/as os/as aspirantes deberán presentar no prazo máximo de 1 día hábil a documentación que lles sexa requirida polo Concello para a súa contratación.

2. Cada un/ha dos/as aspirantes propostos/as presentarase no Servizo Médico de Prevención elixido polo Concello para pasar a revisión médica correspondente na data que se lle comunique ao efecto, sendo imprescindible para poder proceder á contratación obter a cualificación de apto/a.

3. Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún/ha dos/as aspirantes propostos/as non acudira ao servizo médico, non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos non se poderá proceder á súa contratación e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte no proceso.

4. Se do resultado da revisión médica algún/ha ou algúns/has dos/as aspirantes non resultasen aptos procederase a rescisión do contrato dentro do período de proba establecido no mesmo sen dereito algún para quen así foxe declarado.

DÉCIMO TERCEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1. Unha vez presentada a documentación á que se refire a Base anterior, o Sr. Alcalde procederá ás contratacións a favor dos/as aspirantes propostos/as, sendo nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

2. Mentres non se formalicen os respectivos contratos os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

3. As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requirida polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e coas normas que ao efecto dite o Alcalde do Concello de Avión, o Concelleiro de Obras o Xefe do Servizo ou persoa ou persoas en quen deleguen cada un deles estas funcións.

DÉCIMO CUARTA.- BOLSA DE TRABAJO

1. Todos/as os/as participantes que non houbesen obtido a puntuación mínima suficiente para optar aos postos de traballo que se ofertan formarán unha bolsa de traballo para futuras contratacións dentro deste ano de 2025 por orde da puntuación obtida no presente proceso de selección.

2. No caso de ser requiridos/as os/as integrantes da bolsa de traballo para cubrir algunha vacante, e de reunir os requisitos esixidos para elo, deberán aceptar ou rexeitar o ofrecemento no prazo máximo de 3 días naturais. De rexeitalo pasarán ao final da bolsa, ocupando o seu lugar o/a candidato/a seguinte pola orde de puntuación. No caso de rexeitar dous ofrecementos daráselles de baixa desta bolsa.

DÉCIMO QUINTA.- NORMAS FINAIS

1.- A presentación de solicitude de participación neste proceso supón a aceptación das presentes Bases polos/as aspirantes.

2.- Para todo o non previsto nestas Bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei 5/1997, do 2 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

3.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria realizados con suxeición a estas Bases, así como da actuación do Tribunal en cada caso, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso de selección, salvo que así o decida a Alcaldía de Avión.





CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 48 60 00

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

4.- Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación. Con carácter potestativo e previo poderá interpoñerse Recurso de Reposición ante a Alcaldía do Concello de Avión no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro que se considere procedente.

En Avión, na data que consta na sinatura electrónica.

O ALCALDE,

Antonio Montero Fernández

